

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0638	Análise estética	2023/2024	4	107	128

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ ANTONIO CORTIÑAS RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo contén a formación necesaria para desempeñar a función de análise estética da pel e anexos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxetivos xerais c), d), e), f), e g) do ciclo formativo, e as competencias c), d), e), f) e g)

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	ÁREA DE ANÁLISIS ESTÉTICA, PROTOCOLO DE ATENCIÓN A CLIENTELA, ACTITUDE PROFESIONAL		16	12
2	ANATOMÍA E FISIOLOXÍA DAS TIPOLOXÍAS CUTÁNEAS E DOS SEUS ANEXOS		24	24
3	LESIÓNS BÁSICAS E AS ALTERACIÓNS DA PÉL E ANEXOS		22	16
4	EQUIPAMENTOS PARA A ANÁLISE DA PÉL E ANEXOS		22	16
5	ANÁLISE DA PÉL E ANEXOS		22	16
6	EQUIPAMENTOS PARA TRATAMENTOS ESTÉTICOS E DE BELEZA		22	16

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	AREA DE ANÁLISIS ESTÉTICA, PROTOCOLO DE ATENCIÓN A CLIENTELA, ACTITUDE PROFESIONAL	16

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a área de análise estética, aplica protocolos de atención á clientela e valora a importancia da actitude profesional	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as instalacións onde se realiza o proceso de análise estética
CA1.2 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional
CA1.3 Identifícanse as normas de comportamento fronte á clientela, compañeiros e compañeiras de traballo e superiores
CA1.4 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial
CA1.5 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e atención á clientela
CA1.6 Simulouse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento
CA1.7 Caracterizáronse as posicións anatómicas axeitadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de análise estética
CA1.8 Identifícanse as normas de hixiene e desinfección imprescindibles na área de análise estética
CA1.9 Aplicáronse os métodos de hixiene, desinfección e esterilización máis axeitados para a área de análise estética
CA1.10 Definiuse o concepto de deontoloxía profesional
CA1.11 Identifícanse os deberes e as obrigas do persoal profesional
CA1.12 Identifícanse as normas de respecto cara ás persoas
CA1.13 Xustificouse, na profesión de estética, a importancia do segredo profesional e como pode afectar tanto á clientela como ao persoal profesional
CA1.14 Analizouse a lei de protección de datos e a súa repercusión na profesión de estética
CA1.15 Definíronse os dereitos das persoas reflectidos na Constitución

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Area de análise estética: espazos, equipamento e ambiente.
0A lei de protección de datos e a profesión de estética.
Dereitos como profesional.



**Contidos**

Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal como imaxe de empresa (hixiene, maquillaxe, peiteado, indumentaria e complementos).

Normas de comportamento fronte á clientela, compañeiros e compañeiras de traballo e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.

Importancia do traballo en equipo.

Recepción e atención á clientela para o proceso de análise estética. Normas para a primeira cita.

Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou a diferentes profesionais.

Seguridade e hixiene na análise estética. Aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización. Medidas de protección do persoal e da clientela durante a análise estética. Ergonomía.

Concepto de deontoloxía.

Deberes e obrigas do persoal profesional. Normas deontolóxicas na profesión de estética.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	ANATOMÍA E FISIOLOXÍA DAS TIPOLOXÍAS CUTÁNEAS E DOS SEUS ANEXOS	24

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza a anatomía e a fisioloxía das tipoloxías cutáneas e os seus anexos, en relación coas funcións que realizan	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Definíronse as características xerais da pel
CA2.2 Descríbíronse os aspectos macroscópicos e microscópicos da pel, a súa irrigación e a inervación
CA2.3 Descríbiuse a fisioloxía cutánea en relación coas estruturas anatómicas
CA2.4 Descríbiuse o proceso de melanoxénese e queratinización
CA2.5 Detállouse a estrutura dos anexos cutáneos en relación coas funcións que realizan e o estado da pel
CA2.6 Analizáronse as funcións da pel
CA2.7 Relacionouse as funcións da pel con posibles modificacións estéticas desta
CA2.8 Distinguíronse as características particulares da pel de distintas partes do corpo, da pel masculina, da de diferentes razas, etc
CA2.9 Clasificáronse os tipos de pel en función da emulsión epicutánea
CA2.10 Especificáronse as reaccións da pel fronte ao sol

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Estrutura macroscópica e microscópica da pel: epiderme, derme e tecido celular subcutáneo. Vascularización e inervación.
Fisioloxía da epiderme: melanoxénese e queratoxénese.
Anexos cutáneos glandulares e córneos. Glándulas sebáceas e sudoríparas. As uñas e o pelo.
Funcións da pel e os anexos.
Tipos de pel: características fisiolóxicas, aspecto e propiedades. Necesidades cutáneas e coidados cosméticos.
Evolución da pel ao longo da vida segundo os estados fisiolóxicos da muller.
Pel masculina.
Pel e razas.
A pel e o sol: características da radiación solar. Fototipos cutáneos. Reaccións da pel ao sol.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	LESIÓNS BÁSICAS E AS ALTERACIÓNS DA PEL E ANEXOS	22

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica as lesións básicas e as alteracións da pel e anexos, para o que describe as súas características e a súa repercusión estética	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Recoñeceronse as lesións cutáneas máis frecuentes que poden influír na aplicación de tratamentos estéticos
CA3.2 Identificáronse as fases do protocolo para a identificación e o recoñecemento de alteracións relacionadas coa estética e a beleza
CA3.3 Identificáronse as alteracións da hidratación, sudación, lipidación, pigmentación e queratinización cutánea con repercusión nos procesos estéticos
CA3.4 Descríbironse as alteracións vasculares relacionadas cos procesos estéticos
CA3.5 Clasificáronse as alteracións da cantidade do sistema piloso, con valoración dos signos que poden indicar unha modificación estética
CA3.6 Citáronse as alteracións da derme e a hipoderme, e os tumores malignos da pel
CA3.7 Caracterizáronse as alteracións das mans e dos pés que inflúen na realización de técnicas de coidados estéticos de manicura, pedicura e uñas artificiais
CA3.8 Definíronse as reaccións irritativas e alérxicas e establecéronse as semellanzas e as diferenzas entre elas
CA3.9 Identificáronse as alteracións que poden supor unha contraindicación para a realización dos servizos de estética e as que poden ser obxecto de tratamento por diferentes profesionais

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Lesións elementais da pel.
Indicacións e contraindicacións de tratamentos estéticos relacionados coa competencia do persoal técnico en Estética e Beleza, e coas principais doenzas con repercusión no órgano cutáneo.
Protocolo de recoñecemento das alteracións relacionadas coa estética e a beleza.
Alteracións da hidratación, sudación, lipidación, pigmentación e queratinización cutánea con repercusión nas técnicas estéticas.
Alteracións vasculares relacionadas cos procesos estéticos.
Alteracións da cantidade do sistema piloso.
Alteracións da derme e a hipoderme.
Tumores malignos da pel.
Alteracións específicas de mans, os pés e as uñas.
Reaccións irritativas e alérxicas.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	EQUIPAMENTOS PARA A ANÁLISE DA PEL E ANEXOS	22

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica os equipamentos e os medios para a análise cutánea, tendo en conta a relación entre o fundamento científico, as indicacións e as normas de utilización, en condicións de seguridade e hixiene	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Clasifícaronse os equipamentos que se empregan para o estudo e a análise da pel e os anexos
CA4.2 Analizouse o fundamento científico de cada equipamento
CA4.3 Identificouse o xeito de interpretar os resultados proporcionados por cada aparello
CA4.4 Describíronse as medidas de seguridade e as precaucións que cumpra ter en conta no emprego dos equipamentos de análise
CA4.5 Relacionáronse as normas de hixiene e o mantemento de cada equipamento
CA4.6 Comprobouse o funcionamento e as normas de uso dos equipamentos empregados na análise da pel e anexos

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Equipamentos empregados na análise facial (lupa, luz de Wood, medidor de hidratación e sebo, etc.): clasificación.
Descrición, bases científicas e interpretación de resultados.
Normas de emprego e precaucións de aplicación.
Hixiene, desinfección e mantemento de equipamentos de análise.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	ANÁLISE DA PEL E ANEXOS	22

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza análise de pel e anexos, para o que interpreta protocolos establecidos	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Definíronse as fases do protocolo de análise da pel e os anexos
CA5.2 Identificáronse os datos que deben recollerse na entrevista persoal e na ficha técnica
CA5.3 Especificouse a preparación do material e os equipamentos necesarios para realizar o servizo de análise
CA5.4 Estableceuse a secuencia do proceso de realización da análise: observación directa, tacto e palpación
CA5.5 Empregáronse os equipamentos de análise segundo a secuencia do proceso
CA5.6 Emitiuse o diagnóstico e realizouse a proposta de tratamento estético (de hixiene e hidratación, de mans e pés, e de depilación) a partir da información obtida na entrevista persoal e nos resultados da exploración
CA5.7 Indicouse cando, como e por que se debe derivar a persoa usuaria cara a persoal superior ou a diferentes profesionais

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Fases do protocolo de análise facial.
Entrevista persoal: historial estético. Ficha técnica.
Técnicas de exploración para a análise facial: observación, tacto e palpación.
Estudo da información: diagnóstico facial e proposta de tratamento. Informe a superiores.
Derivación cara a superiores ou diferentes profesionais.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	EQUIPAMENTOS PARA TRATAMENTOS ESTÉTICOS E DE BELEZA	22

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece e utiliza os equipamentos empregados nos servizos de estética e beleza, tendo en conta a relación entre o seu fundamento científico, os requisitos técnicos de utilización e os efectos producidos	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Clasifícaronse os equipamentos que se empregan para tratamentos estéticos de hixiene, hidratación, depilación mecánica, e mans e pés
CA6.2 Analizouse o seu fundamento científico, os parámetros, o modo de emprego, os efectos, as indicacións e as contraindicacións
CA6.3 Descríbironse as normas de seguridade e hixiene de cada equipamento para a súa utilización, a súa conservación e o seu mantemento correctos
CA6.4 Utilizáronse os aparellos e os equipamentos aplicando as medidas de protección da clientela e do persoal
CA6.5 Definíronse as medidas que se deberán seguir en caso de producirse un accidente durante o uso dos aparellos e os equipamentos
CA6.6 Xustificouse o emprego do equipamento axeitado en función do tratamento específico que se vaia realizar

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Clasificación dos aparellos e os equipamentos usados en tratamentos básicos de estética: hixiene, hidratación, depilación mecánica, e coidados de mans e pés.
Descrición e fundamento científico: vapor-ozono, IR, ventosas, duchas e pulverizacións tibias, cepillos para a limpeza cutánea, equipamentos para correntes de Arsonval (AF), equipamentos para a depilación mecánica, fundidores de parafina e outros equipamentos para o coidado das mans e os pés. Normas de emprego e precaucións de uso.
Indicacións e contraindicacións.
Hixiene, desinfección e mantemento dos equipamentos.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os enumerados nos criterios de avaliación (apartado d de cada una das unidades didácticas).

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e farase a través de probas teóricas.

### PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación é un elemento central da práctica educativa. A información que proporciona servirá como punto de partida para a actuación pedagóxica.

A avaliación debe realizarse en tres momentos:

Avaliación inicial que permite saber aquilo que o alumnado xa sabe. Esta avaliación previa debe tender a que se expliciten os preconceptos e os esquemas alternativos do alumnado, así como a súa cosmovisión en relación cos contidos. Os resultados de dita avaliación deberán incorporarse ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliación procesual, facilitadora do proceso de ensino-aprendizaxe e integrada nel. De carácter eminentemente formativo, as súas conclusións parciais retroalimentarán dito proceso, potenciando a atención á diversidade.

Avaliación final, co fin de establecer o grao de alcance das finalidades propugnadas polos obxectivos e os criterios de avaliación.

### SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos a través dos criterios de avaliación fixados. Os contidos avalíaranse a través de probas escritas que terán lugar en cada avaliación.

Nas avaliacións realizaranse probas escritas, que abranguen exames, cuestionarios, test, traballos, prácticas, etc expostos na clase, etc. e que constituirán o cen por cen da nota.

Aplicarase do seguinte xeito:

\* Traballos (T): que poden englobar actividades como: probas orais, traballos individuais e en grupo, tarefas prácticas dos alumnos na aula ou no laboratorio, etc. (Para valoralos partimos da nota dun 10 e se o alumno ten que facer unha actividade na aula ou na casa e non a fai ou está mal feita restarase 0.5 puntos por cada vez que isto pase)

Primeira , segunda e terceira avaliación: 20%

\* Exames (E): que agrupan as probas escritas a realizar no exame, en forma de preguntas cortas, tipo test, supostos, etc. Cualificaranse na escala de 0 a 10, e contarán na cualificación da avaliación do seguinte xeito:

Primeira , segunda e terceira avaliación: 80%

A nota de cada avaliación será a nota media obtida entre todas as probas avaliadas sempre que estean todas aprobadas.

Si alguna das probas avaliadas está suspensa a nota da avaliación será inferior a 5.

A nota final de cada unha destas avaliacións quedará como segue:

-Alumnado que aproba a avaliación serán: aqueles que teñan todas as probas da avaliación aprobadas, e dicir, aqueles cunha nota mínima en cada proba de 5 puntos. A nota da avaliación será o resultado da media entre todas as probas. Se existise fracción decimal na nota media, procederase do seguinte xeito:

-Fraccións decimais superiores a medio punto: redondearase por exceso -Fraccións decimais iguais ou inferiores a medio punto: non existirá

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As clases de recuperación desenvolveranse de acordo a un calendario no que os/as alumnos/as xunto co profesor/a repartirán a materia en bloques para cada un dos días establecidos. Estes días os alumnos/as deberán traer a parte teórica preparada para poder consultar dúbidas e facer as prácticas correspondentes.

\*Ao remate do período de recuperación os/as alumnos/as someterase a unha proba teórica (100%)

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O sistema extraordinario de avaliación consistirá na realización dunha proba teórica proposta polo profesor@ do módulo e avaliada polo departamento. a proba versará sobre todos os contidos incluídos no programa do módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións de departamento tratarase de forma habitual o cumprimento da programación didáctica o longo do curso  
O sistema de calidade fai necesario unha revisión trimestral do cumprimento da programación e a planificación das medidas correctivas pertinentes de cara o resto do curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O comenzo das actividades do curso. Transcurrido polo menos 1 mes o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan  
O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De haberen alumn@s con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motores, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos polo profesorado do departamento. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e programas específicos de intervención coa axuda do departamento de orientación

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

#### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

Pretende educar no pluralismo en dúas direccións: O respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como forma de solución de diferenzas. Relaciónase cos contidos actitudinais. O comportamento cívico ten que ver coas actitudes mediante as que se poñen de manifesto a orde, a precisión e coidado na realización e presentación de tarefas e no uso adecuado dos instrumentos propios e da comunidade educativa; tamén no respecto que os alumnos deben ter con outros enfoques diferentes ós seus na resolución das diferentes tarefas.  
Este tema transversal ten moita importancia na familia de Imaxe persoal e trátase en todos os módulos xa que o alumno debe respectar en todo momento o traballo dos seus compañeiros e valorar e coidar como propios todas as instalacións, os materiais e recursos educativos dos que

dispón o centro educativo.

É necesario que todo profesional teña claramente establecidos criterios de cómo o seu facer profesional pode afectar ó medio ambiente e o xeito de actuación para evitar, mitigar ou remediar o dano ambiental real ou potencial.

Por outra banda, consideramos decisivo impulsar un cambio de valores, adquirindo una importancia significativa o respecto e defensa do medio ambiente.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares prográmanse co obxecto de asistir a exposicións, mostras ou visitas a instalacións ou establecementos relacionadas coa familia de Imaxe Persoal.

Non son fixas dependendo do curso e datas nas que se realizan os eventos polo que non podemos planificalas con moita anterioridade

O obxecto das actividades complementarias previstas polo departamento é familiarizar @s alumn@s co seu futuro traballo profesional.

Xustifícanse pola necesidade que teñen os profesionais da familia de Imaxe Persoal que, de forma continua, deben adaptarse aos cambios tecnolóxicos provocados polas novas demandas, cada vez máis específicas, producindo cambios na súa actividade profesional, de xeito que a implantación destas novas técnicas baséase no uso de equipamentos cada vez máis sofisticados e de produtos cosméticos con maior especificidade e actividade. Lévanse a cabo, de forma xeral, na propia aula. Aínda que están integradas nun módulo concreto, formando parte dos procedementos e se é posible dentro do seu horario lectivo, inténtase que sexan o máis abertas posibles; de feito poden implicar aos dous cursos dun mesmo ciclo, aos dous ciclos medios ou incluso a tod@s os alumn@s dos ciclos formativos.

Exposicións e demostracións de tratamentos relacionados cos diferentes módulos

## 10. Outros apartados

### 10.1) Estratexias Metodolóxicas

Nos ciclos do réxime ordinario o ensino é presencial. Con todo, adóptaranse medidas para asegurar a continuidade da formación do presente módulo no caso de producirse estados excepcionais ó longo do curso, como ausencias temporais xustificadas do alumnado.

As medidas a tomar nestes casos serán :

- Comprobar a principios de curso e durante a avaliación inicial do módulo, a dispoñibilidade de medios TIC, conexión a internet e de teléfono móbil por parte de todo o alumnado.
- Habilitar o curso na aula virtual do IES A Pinguela, onde estarán a disposición de todo o grupo os apuntes, material audiovisual, exercicios e orientacións necesarias para completar o curso con éxito.
- A comunicación profesor/alumno, entrega de traballos, tarefas, correccións etc, realizarase preferentemente a través da aula virtual cando así se propoña, ou en clase. Tamén se poderá utilizar a tal fin o email ou outras plataformas alternativas didácticas como quizziz, genially, google classroom, blogs educativos etc.
- No caso de que o alumnado que teña que seguir o curso a distancia por causa xustificada non dispoña das ferramentas necesarias para realizar o seguimento a través de medios tecnolóxicos , proporcionaráselle a través da canle que se habilite a tal fin, dependendo da súa situación, outros medios alternativos como correo postal, recollida/entrega por parte dunha persoa de confianza do alumno, etc.